

**ACTAS DEL I CONGRESO
DE LA ASOCIACIÓN HISPÁNICA
DE LITERATURA MEDIEVAL**

Santiago de Compostela, 2 al 6 de Diciembre de 1985

*Edición a cargo de
Vicente Beltrán*

**PPU
1988**

Portada: Motivo inspirado en la *matiere de Bretagne*. Detalle de una columna procedente de la *Porta Francigena* de la Catedral de Santiago de Compostela. Comienzos del s. XII. Dibujo: S. Moralejo.

Primera edición, 1988

No podrá reproducirse total o parcialmente el contenido de esta obra, sin la autorización escrita de PPU.

© Vicente Beltrán

© PPU

Promociones y Publicaciones Universitarias, S.A.
Marqués de Campo Sagrado, 16
08015 Barcelona

I.S.B.N.: 84-7665-251-8

D.L.: B-14206-88

Imprime: Limpergraf, S.A. Calle del Río, 17 Nave 3. Ripollet (Barcelona)

¿Unha crónica en galego de Xan Rodríguez do Padrón?

David Mackenzie
Universidade de Birmingham

Hai moitos anos fixen para a tese de doutoramento na Universidade de Nottingham unha edición crítica, con estudio lingüístico e histórico, da *Crónica de Santa María de Iria*. Esta crónica en galego contaba xa con dous editores anteriores: López Ferreiro sacara a súa por entregas na revista *El pensamiento gallego* no ano 1888 -e é forzoso recoñecer que a transcripción do ilustre historiador non é moi exacta-; un pouco máis de sesenta anos despois, en 1951, sae do prelo a edición de Xesús Carro, que, aínda que mellor que a de López Ferreiro, amosa uns oitocentos erros importantes de transcripción.¹

A edición de López Ferreiro é unha sinxela transcripción do manuscrito do arquivo da catedral de Santiago, firmado en 1468 polo cura de Chacín, Rui Vázquez, pero o editor sinala nun prólogo a existencia de oito máis: dous en Madrid, un deles na Biblioteca Nacional, outro no Palacio Real (pero que despois pasou á Universidade de Salamanca); un que posuía Aureliano Fernández Guerra; un que se fixo para Tamayo de Vargas (é dicir Tomás de Vargas y Tamayo) e que estaba en Roma; un «de que era dueño en 1643 don Jerónimo de Palacio Arredondo, abad de Santa Juliana en Santillana»; outro entre os papeis dos marqueses de Montesacro en Cambados; e, finalmente, dous «que se conservaban en Padrón, el uno en el archivo de la Colegiata y el otro en el municipal».²

Na súa edición, que tamén utiliza o MS da catedral de Santiago como base, Xesús Carro inclúe as variantes do que di se-lo manuscrito do Palacio Real (pero que na realidade son as do da Biblioteca Nacional), e mailas da edición de López Ferreiro. Fixo un grande esforzo para atopa-los outros manuscritos que López Ferreiro dixo estaren en Galicia, pero sen éxito.

D. MACKENZIE

A miña edición do MS de Santiago leva as variantes das copias da Biblioteca Nacional e do Palacio Real. Pero non puiden atopar outra copia ningunha: rexistrei o Arquivo Municipal de Padrón, e mailo xa disperso Arquivo da que foi Colexiata de Iria, co mesmo resultado negativo que Carro. Tamén escribín á Vaticana, pero contestaron que, sen máis precisións, non lles era posible dar co manuscrito.

Convén suliñar aquí que as dúas copias -a da Biblioteca Nacional do século dezaseis e a de Salamanca do dezasete- teñen o mesmo contido, e incluso ás veces reproducen os mesmos erros, có manuscrito de Santiago, escrito en 1468 por Rui Vázquez.

¿Cal é, pois, o contido do texto desta familia de manuscritos? É na súa meirande parte unha tradución ó galego, xa resumida, xa ampliada, de seccións de dúas crónicas en latín: o *Chronicon Iriense* e a *Historia Compostellana*. Ó principio é posible que fose engadido algún detalle tirado do *Chronicon ex Historiae Compostellanae Codice*, pero evidentemente non se pode descarta-la posibilidade da existencia dunha copia do *Chronicon Iriense* que contiña estas variantes.³ É, pois, unha episcopoloxía dos bispos de Iria/Compostela dende os primeiros tempos ata Xelmírez.

Común a esta familia de manuscritos é unha interpolación contemporánea, na que Rui Vázquez conta varios sucesos, dende o asedio da Catedral por Bernal Yáñez á revolución Irmandiña. Dálle pe para entrar no tema o feito de estar sepultado na Colexiata o arzobispo Rodrigo de Luna: «que y jaz dentro do coro das gradizellas do altar mayor de Santa María d'Iria de Padrón, o qual pasou moitos traballos en guerras con os caballeiros de seu arçobispado». Sabemos con seguridade que a interpolación é contemporánea porque unha nota na marxe -da mesma man que o texto- narra o asedio de Tui pola Irmandade en marzo de 1468, mesmo mes e ano que leva o colofón da Crónica.

¿Que temos, logo? Unha crónica ó parecer composta por Rui Vázquez en 1468 -data como vimos avalada pola narración de acontecementos contemporáneos- da que se fixeron cando menos dúas copias, unha do século dezaseis e outra do dezasete, que inclúen ámbalas dúas a interpolación que podemos dicir, con completa confianza, é obra de Rui Vázquez no ano 1468.

Nembargantes, subsisten as dúbidas. Xa López Ferreiro, na curta introdución á súa edición, examinara a posibilidade da autoría de Xan Rodríguez do Padrón.⁴ Vexamos en que se baseaba.

En primeiro lugar:

«Al ejemplar del señor Fernández Guerra se le dió este título [...]: Historia de Iria que trata de su origen; obispos; de la invención del cuerpo de Santiago; fundación de la

¿UNHA CRÓNICA EN GALEGO DE XAN RODRÍGUEZ DO PADRÓN?

iglesia de Compostela; y de algunos milagros del Apóstol [...] Escrito en gallego por Juan Rodríguez. Año 1444.»

Engade despois que:

«Parece indudable que el famoso paje y cronista de don Juan II escribió una *Historia Iriense* o una obra de carácter histórico, que citan con frecuencia los genealogistas del siglo XVII.»

Pero remata dicindo que o estilo pouco culto da traducción fai pouco probable a autoría do famoso Xan Rodríguez. Pero nin Carro nin eu fomos capaces de atopar máis datos: non había proba ningunha dunha versión anterior á que daban a coñece-los tres manuscritos existentes, e todos incluían a interpolación que trata de sucesos posteriores á morte de Xan Rodríguez do Padrón.

E alí quedaba a cuestión. Non parecía paga-la pena publica-la miña edición. Pero, ó reseñar un catálogo dunha colección de manuscritos da Vaticana, con grande sorpresa miña atopeime cunha referencia á copia perdida da que López Ferreiro dera noticia hai case cen anos.⁵ Aínda meirande foi a sorpresa ó darme conta, tras recibi-lo microfilm, que esta versión non contiña a interpolación dos sucesos do século XV.

Este manuscrito leva por título o seguinte:

De ecclesia Beatae Mariae Virginis / de Yria / in diocesi Bracarensi. / Ex bibliotheca compostellanae / ecclesiae habuit / don Thomas Tamaio de Vargas / historiographus regius.

/ Es papel raro por no auer otro escripto / en la lengua gallega.

Xa de entrada temos que nos enfrentar cuns problemas bastante difíciles:

primeiro: o que temos é unha copia do século XVII, aínda que claramente evidencia un estado anterior ó da familia de manuscritos ata agora coñecidos;

segundo: parece que o axente de Tamayo de Vargas copiou dun manuscrito que se achaba daquela na Biblioteca da Catedral que non foi, claro está, o manuscrito de Rui Vázquez, e que hoxe en día non sabemos onde foi parar.

Á parte de datos lingüísticos, dos cales me ocuparei nunha próxima edición crítica da Crónica de Santa María de Iria, achega este manuscrito da Vaticana dúas novidades dignas de mención. Nunha nota marxinal na primeira folla dános o precioso dato de que «fue año de 1444 en que se escribió esta Historia.» Esta nota, e as demais, todas en castelán, demostran claramente que o copista é castelán, ou,

alomenos, non-galego. Por outra banda, o feito de estar en galego un comentario final do texto confirma, sen lugar a dúbida, que provén do manuscrito copiado. Di así:

fin do libro dos Bispos de Yrea e Santiago / que entendo compo Jan Rodriguez do Padron.

Esto indica claramente que o manuscrito que está a copia-lo axente de Vargas y Tamayo é, á súa vez, copia doutro máis antigo aínda.

Xan Rodríguez do Padrón profesou, segundo datos proporcionados por Atanasio López, no convento franciscano de Xerusalén no ano 1441 aproximadamente, para logo vir ó convento de Herbón nunha data descoñecida.⁶ De ser exacta a data de composición da crónica que aparece na marxe do manuscrito da Vaticana -isto é 1444- non podemos negar que teoricamente é ben posible que a traducise o famoso Xan Rodríguez.

Pero, claro, se a data é dunha copia do orixinal -que tamén é moi posible- a autoría da crónica ponse outra vez máis en dúbida.

Tamén cómpre sinalar outro feito evidente: o nome Xan Rodríguez non é pouco frecuente. Coido lembrar que un dos coengos de Padrón nesta época tiña ese mesmo nome. Recorden a descrición do códice de Aureliano Fernández Guerra, tirada do diccionario histórico de Muñoz y Romero: «Escrito en gallego por Juan Rodriguez, Año 1444.» Sen o topónimo «de Padrón» non pensaba ninguén no famoso autor do *Siervo libre*.

A fin de contas, o redescubrimento do manuscrito -se por unha banda levanta outra vez problemas de autoría- polo menos permítenos asegurar:

1. que o autor da *Crónica de Santa María de Iria* non foi Rui Vázquez.
2. que o orixinal se remonta cando menos a 1444.

Notas

1. David Mackenzie, «A critical edition, with historical and linguistic introduction, of the *Corónica de Santa María de Iria*», Tese de doutoramento inédita, Nottingham, 1975; A. López Ferreiro, «Corónica de Santa María de Iria», *El pensamiento gallego*, 1-10, 1888; X. Carro García, *Corónica de Santa María de Iria*, Santiago de Compostela, 1951 (Cuadernos de Estudios Gallegos, anexo 5).

2. Citado por Carro, pp. 4-5.

3. D. Mackenzie, «García Alvarez y la *Corónica de Iria*», *Anuario de Estudios Medievales*, 6, 1969, p. 531.

4. Carro, pp. 23-4.

5. H. G. Jones, *Hispanic manuscripts and printed books in the Barberini collection*, Vaticano, 1978.

6. A. López *Nuevos estudios crítico-históricos acerca de Galicia*, tomo I, Madrid, 1947, pp. 214-6.